

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE AGOSTO DE 2022

Ás 11:00 horas do día 19 de agosto de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de xullo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2c e 6c)  
D. José Ballesta de Diego, vogal suplente do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 3a)  
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 9a e 10a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9825-113)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. ICTI INTERNET PASSION, S.L.
2. SERINZA SOLUTIONS, S.L.
3. SMARTWORLD TELECOM, S.L.

**b) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do nadal (8586-106)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A. (Lotes 2 e 3)
3. SA GLOBAL CONCEPT (Lote 3)

Con respecto ao terceiro licitador presentado, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. (Lotes 1 e 3), analizada a documentación presentada compróbase que o licitador apoiase nun terceiro (Electricidad Remeseiro S.L.) para xustificar a posesión da habilitación profesional requirida polo prego. En consecuencia, faise necesario informar que o requisito da habilitación profesional debe ser cumprido obrigatoriamente polo licitador sen que caiba recorrer a terceiros.

En vista do anterior, requírese a EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. para que comunique se está en posesión da devandita habilitación profesional, de xeito contrario habería que proceder a súa non admisión no presente procedemento.

En caso de posuír a correspondente habilitación profesional esixida no prego, EMICED DISEÑO INTEGRAL, S.L. deberá emendar, no mesmo prazo de 3 días, a seguinte documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. DEUC de MK Themed Attractions firmado dixitalmente polo seu representante.
2. Anexo III de MK Themed Attractions firmado dixitalmente polo seu representante.

**c) Procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25731-332)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ASCENSORES ENOR, S.L.
2. GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.
3. KONE ELEVADORES, S.A.
4. ORONA S. COOP.
5. SCHINDLER, S.A.
6. TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.

### 3.- Apertura administrativa e económica

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación da póliza de seguro a todo risco de danos materiais para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (3230-341)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (MAPFRE ESPAÑA, S.A. e LIBERTY MUTUAL INSURANCE) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

#### MAPFRE ESPAÑA, S.A.

##### - DEUC:

- 3.- Propón como prezo total do contrato para as dúas anualidades o de 54.519,34 euros.
- 4.- Incrementa o límite mínimo por viaxe e/ou expedición sinalado na cláusula cuarta do PPT (600.000,00 euros) en 0 euros.
- 5.- Inclúe na oferta a cobertura automática para aquelas exposicións temporais organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo, realizadas en base a elementos propiedade de terceiros, baixo calquera réximen de custodia: non
- 6.- Inclúe na oferta as seguintes coberturas:
  - Inclusión da cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: non

- Inclusión da cobertura para os danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuo, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: non
- Inclusión da cláusula de renuncia á subrogación de dereitos, mediante a cal o asegurador renuncia expresamente a subrogarse nos dereitos do asegurado para exercer calquera acción de recobro como consecuencia da indemnización dun sinistro contra embaladores, carrexadores e propietarios da sala que alberga a exposición ou calquera outra persoa ou entidade relacionada co manexo, transporte e instalación das obras aseguradas, excepto cando os danos indemnizados fosen causados por negligencia grave ou conduta dolosa das devanditas persoas ou entidades: si
- Inclusión da cláusula de exoneración de transportistas, mediante a que a aseguradora exonerará de responsabilidade ao transportista fronte ás mercadorías con suxeición aos seguintes casos: si
  - Operacións de carga, descarga e transporte (non se inclúe neste apartado os danos que as mercadorías poidan causar a terceiros)
  - Sempre que non exista falta grave do transportista.
- Inclusión de cláusula de divisas: non
- Inclusión de cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: non
- Inclusión de cláusula de limpeza de escombros: non
- Inclusión de cláusula de arbitraje: non
- Inclusión de cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante as situacións de emerxencia: non
- Inclusión de cláusula por falecemento de artista: non
- Inclusión de cláusula de título defectuoso: non
- Inclusión de cláusula de 72 horas: non
- Inclusión de cláusula por insuficiencia de embalaxe: non
- Inclusión de cláusula de franquía do Consorcio de Compensación de seguros: non

## LIBERTY MUTUAL INSURANCE

### - DEUC:

3.- Propón como prezo total do contrato para as dúas anualidades o de 49.556,20 euros.

4.- Incrementa o límite mínimo por viaxe e/ou expedición sinalado na cláusula cuarta do PPT (600.000,00 euros) en 400.000 euros. Total 1.000.000 euros.

5.- Inclúe na oferta a cobertura automática para aquelas exposicións temporais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo, realizadas en base a elementos propiedade de terceiros, baixo calquera réximen de custodia: si/non

6.- Inclúe na oferta as seguintes coberturas:

- Inclusión da cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: si
- Inclusión da cobertura para os danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuo, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: si
- Inclusión da cláusula de renuncia á subrogación de dereitos, mediante a cal o asegurador renuncia expresamente a subrogarse nos dereitos do asegurado para exercer calquera acción de recobro como consecuencia da indemnización dun sinistro contra embaladores, carrexadores e propietarios da sala que alberga a exposición ou calquera outra persoa ou entidade relacionada co manexo, transporte e instalación das obras aseguradas, excepto cando os danos indemnizados fosen causados por negligencia grave ou conduta dolosa das devanditas persoas ou entidades: si
- Inclusión da cláusula de exoneración de transportistas, mediante a que a aseguradora exonerará de responsabilidade ao transportista fronte ás mercadorías con suxeición aos seguintes casos: si
  - Operacións de carga, descarga e transporte (non se inclúe neste apartado os danos que as mercadorías poidan causar a terceiros)
  - Sempre que non exista falta grave do transportista.
- Inclusión de cláusula de divisas: si
- Inclusión de cláusula de gastos de recompensa e recuperación de obxectos perdidos: si (25.000 €)
- Inclusión de cláusula de limpeza de escombros: si (50.000€)
- Inclusión de cláusula de arbitraje: si
- Inclusión de cláusula de gastos por transporte e almacenaxe durante as situacións de emerxencia: si (50.000 € 12 meses)
- Inclusión de cláusula por falecemento de artista: si (200% máximo 150.000€)
- Inclusión de cláusula de título defectuoso: si (100.000€)
- Inclusión de cláusula de 72 horas: si
- Inclusión de cláusula por insuficiencia de embalaxe: si
- Inclusión de cláusula de franquía do Consorcio de Compensación de seguros: si

Asiste como público á apertura D. Iago Merino Vidal con DNI **\*\*.\*48.04\*.\*** en representación de WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polos licitadores.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación da ornamentación e instalación de elementos figurativos lumínicos do nadal (8586-106)

Retírase da orde do día porque a mesa acordou, no punto 2b, dar un prazo de 3 días a un dos licitadores para a emenda da documentación presentada.

#### 6.- Apertura económica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9825-113)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo unitario de hora de prestación do servizo	nº de persoas certificadas como editor ou desenvolvedor en TYPO 3 (1)	Acredita a realización de ..... (nº) proxectos sobre o CMS Typo3 a partir da versión 9.5. (2)	Propón unha bolsa anual de horas sen custe para o Concello de ..... (nº) horas	Dispón ..... (si/non) dunha ferramenta para a xestión, control e seguimento de incidencias, traballos e tarefas en proceso.(3)	É membro ou provedor de servizos da comunidade do CMS Typo3 ..... (si/non)(4)
1	ICTI INTERNET PASSION, S.L.	48 €	2	5	50 horas	Si	Si
2	SERINZA SOLUTIONS, S.L.	30,25 €	0	2	50 horas	Si	Si
3	SMARTWORLD TELECOM, S.L.	48,40 €	0	1	120 horas	Si	Non

Ningún dos licitadores presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



a) Conceder un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan presentar o orzamento detallado esixido na cláusula 14.2 do PCAP ("Deberá incluírse un orzamento do servizo. O cálculo deste orzamento estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total a aboar polo Concello, IVE excluído, distribuído nas diversas partidas que o integren"):

1. ICTI INTERNET PASSION, S.L.
2. SERINZA SOLUTIONS, S.L.
3. SMARTWORLD TELECOM, S.L.

Asisten á apertura:

- D<sup>a</sup>. David Alcón Hernández, con DNI \*\*.61.67\*-, en representación de SERINZA SOLUTIONS S.L.

b) Solicitar informe sobre as proposicións avaliábeis mediante fórmula ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25731-332)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábeis mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Propón unha porcentaxe de redución do orzamento base de licitación previsto no apartado 3.A da FEC do PCAP de ..... (nº) %.
1	ASCENSORES ENOR, S.L.	68,76 %
2	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	71,43 %
3	KONE ELEVADORES, S.A.	48,00 %
4	Orona S.Coop.	58,00 %
5	SCHINDLER, S.A.	70,14 %
6	TK Elevadores España,S.L.	65,00 %

Todos os licitadores presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura:

- D<sup>a</sup>. María de los Ángeles Ríos Martínez, con DNI \*\*.21.86\*-, en representación de ORONA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as proposicións avaliábeis mediante fórmula ao servizo xestor.

**7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou**



## desproporcionados

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (8837-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Infórmase que con data do 4 de agosto de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 3 de agosto, concedeuse un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que puidesen presentar o orzamento detallado esixido na cláusula 14.2 do PCAP:

1. APDTIC PROFESIONALES, S.L.
2. GRUPO UNIVE SERVICIOS JURÍDICOS, S.L.
3. SEGURDADES, S.L.
4. TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U.

Todos os licitadores presentaron o orzamento detallado agás SEGURDADES, S.L.

Entrégase, a continuación, o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica do 8 de agosto de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con APDTIC PROFESIONALES, S.L. e SEGURDADES, S.L. , por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as mesmas.

### 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230850-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe de Administración Electrónica e o xefe da Área de Benestar Social o 9 de agosto de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliábeil mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

A Mesa acepta por unanimidade o informe que acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## 10.- Propostas de clasificación/clasificación

### a) Procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230850-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón da exclusión de Fundación SAMU acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de agosto de 2022 por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos complementarios para a xestión do "Centro integral de inclusión e emerxencia social" (CIIES) (230850-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	93,73 puntos
2	GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL S.A.U.	87,00 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ ROJA ESPAÑOLA (Q-2866001G), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("A empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia (RUEPSS)").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación da prestación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do programa "Vigo en Festas" (9215-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



A continuación comunica que con data 29 de xullo de 2022 se notificou a resolución de clasificación co requirimento de documentación aos licitadores clasificados en primeiro lugar, KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 4) e BARAFUNDA, S.L. (lote 5), que presentan a documentación os días 8 e 12 de agosto de 2022, dentro do prazo concedido.

Comuníquese, así mesmo, que os importes das garantías definitivas indicados nos requirimentos non son os correctos ao tratarse dun contratos segundo necesidades, polo que as garantías definitivas deben calcularse sobre o orzamento base de licitación de cada lote (IVE excluído).

Logo da cualificación da documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder aos citados licitadores un prazo de tres días para que poidan emendar a documentación presentada:

1. KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 4):

- O obxecto social que se recolle no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Estado ("*Rehabilitacion fisica y psiquica, deportes y salud. comercializacion de productos destinados a la salud y a la rehabilitacion*") non encaixa no obxecto e codificación que a cláusula 3 do PCAP prevé para os lotes deste contrato.
- Falta por acreditar a solvencia económica de conformidade coa cláusula 8.4.3º do PCAP ("*Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70% prezo do lote correspondente. Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito*").
- Falta por acreditar a solvencia técnica de conformidade coa cláusula 8.4.3º do PCAP ("*Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ao ao 70% prezo do lote correspondente. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación*"). Consta informe emitido pola xefa do Servizo de Festas no que se acredita a execución de contratos similares por importe de 31.775,81 euros, polo que resulta insuficiente.
- Os avais presentados non foron asinados dixitalmente polo que non poden ser depositados na Tesourería Municipal. Neste caso, debe o propio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

licitador entregar os avais orixinais nas dependencias da Tesourería Municipal. Indícase, no entanto, que os importes das garantías indicados no requirimento non eran correctos, polo que deben reaxustar as garantías ata acadar as seguintes contías:

- o lote 1: 1.200 euros
- o lote 2: 600 euros
- o lote 3: 900 euros
- o lote 4: 1.150 euros

Para os efectos de facilitar o reaxuste, lémbrese que poden realizalo ademais de polos medios previstos no artigo 108 da LCSP, mediante a retención do prezo do contrato (cláusula 23.3 do PCAP).

## 2. BARAFUNDA, S.L. (lote 5)

- A solvencia económica debe acreditarse de conformidade coa cláusula 8.4.3º do PCAP ("Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 70% prezo do lote correspondente. Acreditarse por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito").
- O importe da garantía depositada é insuficiente por mor do erro no importe indicado no requirimento de data 29 de xullo de 2022, polo que deberá reaxustalo ata acadar a seguinte contía: 1.100 euros.

Para os efectos de facilitar o reaxuste, lémbrese que poden realizalo ademais de polos medios previstos no artigo 108 da LCSP, mediante a retención do prezo do contrato (cláusula 23.3 do PCAP).

### b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 22 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do «Programa socio-educativo e de apoio familiar» do Concello de Vigo (Benestar Social), que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica, o Prego de Prescricións Técnicas do 08.04.2022 (con Anexo do persoal subrogable; trámites núms. 123 e 44), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (19.04.2022; trámite n.º172), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 26-28) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato 2.515.790,46 € (IVE incl.), que se imputará á aplicación nº 2310.226.09.07: "Programa socio-educativo e de apoio familiar" dos vixentes orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):*

- 2022: 139.766,14 €
- 2023: 838.596,82 €
- 2024: 838.596,82 €
- 2025: 698.830,68 €

*TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión de SALZILLO SERVICIOS acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	<b>GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.</b>	<b>82,69</b>
2	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	75,40
3	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	70,50
4	FUNDACIÓN SAMU	51,50

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("A empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia (RUEPSS)").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), o día 5 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o día 12 de agosto de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de





Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), de acordo co acordo da Mesa de Contratación do 3 de agosto de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Tomar razón da exclusión de SALZILLO SERVICIOS acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP

SEGUNDO.- Adxudicar a GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371) o procedemento aberto *para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)* coas seguintes condicións:

- O prezo do contrato é de 2.487.865,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 226.169,59 euros.
- Aporta unha xornada laboral completa anual dun/dunha diplomado/a ou grao en educación social, durante todo o período do contrato, sen custe adicional para o Concello a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro.

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:24 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:53	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA641-5F252F-2E8BD1-ZZWRJG-L7JGFW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		